


2 Fíxate nas dúas escenas representadas e contesta.



- Quen foi o responsable dos dous sucesos?

O mendigo; hai quen di que en realidade era Xesús Cristo.

- A quen recompensaba ou castigaba con cada un deles?

Recompensaba a familia humilde que lle dera acubillo e castigaba a vila de Valverde, que lle pechou as portas.

3 Volve escribir cada oración substituíndo as palabras destacadas por outras do texto que signifiquen o mesmo.

- A humilde familia que vivía nunha casaña das aforas **ofreceulle protección** ao mendigo.

A humilde familia que vivía nunha casaña das aforas prestoulle acubillo ao mendigo.

- A becerra era o único **medio para subsistir** que tiña a familia.

A becerra era o único sustento que tiña a familia.

- Ao oír ao mendigo pedir leite para almorzar, os habitantes da casa pensaron que **toleara**.

Ao oír ao mendigo pedir leite para almorzar, os habitantes da casa pensaron que perdera o siso.

4 Marca a opción correcta. Cal é o propósito desta lenda?

- Explicar a historia do mendigo que chegou a Valverde.
- Explicar a orixe da lagoa de Cospeito.
- Explicar a historia da desaparecida vila de Valverde.

